

Traballo trimestral 3º ESO (2º trimestre)

Entregar antes do 20 de febreiro.

Imos ver como se desenvolve a función de nutrición no noso corpo dun xeito integral.

Imos comer un bocadillo de bacon con leituga e tomate e bebemos un vaso de auga!

Imos seguir o seu camiño dos nutrientes que o compoñen nos catro aparellos que imos estudar neste trimestre:

- O primeiro.- Averigua cales son as principais biomoléculas que estamos a xantar. Tanto as inorgánicas coma as orgánicas.
- Pasarán polo aparello dixestivo e convertiranse en monómeros de: glúcidos, lípidos, proteínas, vitaminas, sales minerais e auga (debes ver que monómeros aporta o pan, o bacon, o tomate, a leituga e a auga. Debes indicar que procesos sofren e en que partes do aparello dixestivo acontecen ata lograr os nutrientes.
- Agora eses nutrientes van cara ao circulatorio e o sistema linfático. Debes indicar en que parte do sangue viaxan e en que forma. Repasa toda a circulación sanguínea, tanto a corporal coma a pulmonar.
- Os nutrientes xa están na célula. Agora a ver que pasa con eles!
- A célula xa obtivo a enerxía, pero claro, xerou refugallos.
- O circulatorio debe levalos a onde se eliminan:
 - a) Os gases (dióxido de carbono e vapor de auga) ao respiratorio. Debes contar como acontece a respiración e o intercambio de gases.
 - b) O exceso de sales ou de auga, os ouriños...hai que eliminados polo aparello excretor. Podes empregar os riles ou a suor (como prefiras).

Por favor, emprega debuxos alí onde os precises!!!